

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis Mª Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALIS REPRESENTANTES DOS LUGARES DE VILAR, BARREIRO E COSTOYA DO CONCELLLO DE LALIN

D. Antonio García Enríquez
D. Manuel G. Rodríguez González

SECRETARIA

Dña. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servicio Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte de febreiro do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Vilar" dos lugares de Vilar, Barreiro e Costoya do concello de Lalín.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O expediente de clasificación do monte Vilar, pertencente á parroquia de Vilanova do Concello de Lalín iniciouse por instancia dun grupo de veciños con data 25 de marzo de 1998.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común na súa reunión de data 29 de novembro de 2002 á vista do informe previo do Servicio de Montes e Industrias Forestais, acordou iniciar os trámites para a clasificación do referido monte así como a remisión dos expedientes ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial de Medio Ambiente de Pontevedra, para o seu estudio e informe.

TERCEIRO.- Na sesión do día 3 de abril do 2002, o xurado adoptou o acordo de nomear relator do expediente de clasificación a D. Manuel Francisco Gutierrez.

CUARTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, nin no trámite de audiencia, exposición pública no Concello e publicación no DOG, nin ó longo da tramitación do expediente, non se formulou oposición á clasificación instada nin por parte do Concello nin de particulares. Así mesmo segundo certificación rexistral que consta no expediente, as referidas parcelas non seguen inscritas a favor de persoa algunha.

QUINTO.- O monte de "Vilar " (Lugares de Vilar, Barreiro e Costoia) da parroquia de Vilanova do concello de Lalín, obxecto do presente expediente de clasificación obedece á seguinte descripción:

Concello: Lalín

Lugar: Parroquia de Vilanova.

Nome do monte: Vilar

Cabida: 161,75 has.

Localización xeográfica: As coordenadas extremas na cuadrícula U.T.M. son:

Extremo norte 4717250

Extremo sur 4714500

Extremo leste 573750

Extremo oeste 572250

No citado monte distínguense tres parcelas

Parcela 1

Localizada ó oeste do trazado da liña de ferrocarril, entre éste e o río Abeleda.

Cabida: 1,3 ha.

Lindeiros:

Norte: Propiedades particulares de Manuel Fernández Nogueira, Julia Gómez, Piedad González

Sur: Propiedades particulares de Hermesindo Presas Fernández

Leste: Propiedades particulares de Olga Fernández Alonso, Piedad González e outros

Oeste: Río Abeleda

Parcela 2

Ocupa o espacio deixado entre o antigo e novo trazado da estrada PO-202 (Carballiño-Lalín).

Cabida : 0,4 has. Actualmente atópase poboada de matorral.

Lindeiros:

Norte e Leste: antigo trazado da estrada PO-202

Sur e Oeste: novo trazado da estrada PO-202

Parcela 3

Cabida: 160,05 ha

Lindeiros:

Norte: Río Seixos, Rego de Navallo e fincas particulares de M^a del Carmen Gutierrez López, M^a Josefa López e outros

Sur: Límite parroquial de Nogueira e Abeleda

Leste: Estrada PO-202, concello de Dozón e propiedades particulares de M^a Josefa López Blanco, Socorro Gutiérrez Lalín, Consuelo Gutiérrez Lalín e outros

Oeste: Camiño veciñal, núcleo de poboación de Vilar, río Abeleda e propiedades particulares de Amancio Presas Fernández, Modesto Fernández Gómez de Nogueira, Julia Gómez Cachafeiro de Sanmartiño, José Pérez de Nogueira e outros

Servidumes: O monte atópase atravesado polo ferrocarril Ourense-Santiago, a estrada comarcal PO-202 (Lalín-Carballiño), o camiño veciñal que dende dita estrada conduce a Navallo, o camiño veciñal de Vilar a Navallo e varias vías de Servicio a enclaves dentro do monte.

Ocupacións: Dentro do perímetro do monte ó longo do camiño de Navallo á estrada PO-202 localízanse parcelas destinadas ó cultivo agrícola e prado.

Enclaves: Existen varios enclavados no monte que, de acordo coa información aportada, teñen os seguintes propietarios: Olga Fernández Alonso (varias propiedades), Leonor Gómez Fernández (varias propiedades), Piedad González Fernández (varias propiedades), Purificación Lamas Fernández (varias propiedades), Hermesindo Presas Fernández y Julio García Sánchez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de vecinos”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Coa solicitude non se acompañou copia de documentos onde se poida constatar que en tempos mais ou menos antigos, os referidos montes tiveran un uso comunal, aínda que tales probas non se consideran suficientes tendo en conta a evolución lexislativa deste tipo de propiedades característica do dereito civil de Galicia, recoñecéndosele o carácter de “imprescriptibilidade” a partir da Compilación Foral de Galicia de 1963, sendo este dato fundamental na interpretación do artigo primeiro da Lei 13/1989 onde se definen os montes veciñais en man común, por dous elementos característicos que son a súa pertenza a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños.

Esta segunda característica dos montes veciñais, como xa ten dito o Tribunal Supremo na sentenza do 24/04/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente e non dun pasado máis ou menos remoto.

Cuarto.- Trátase en realidade de tres parcelas delimitadas por camiños, ríos, regatos, estradas ou sinais identificables no monte, considerándo suficiente a planimetría achegada para identificar os montes sobre o terreo e sendo aproveitadas veciñalmente nos seus esquilmes.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte “Vilar” a favor dos veciños dos lugares de Vilar, Barreiro e Costoia da parroquia de Vilanova do concello de Lalín por reuni-los requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, correspondéndose coa descrición reflectida no feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, quedando expresamente excluídos os enclaves descritos na documentación aportada polos solicitantes e os terreos afectados pola vía férrea.


Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Antonio Gaceta

Miguel Rodríguez


L. Rodríguez



António García
Andrés Rodríguez

Superficie aprox. : 162.9 has.

Nº DA FOLLA	OBSERVATIONS :	O LIMITE OESTE DO "MONTE DE VILAR", QUE CORRESPONDE CÓ LIMITE MUNICIPAL ENTRE LALIN E DOZÓN, ATÓPASE PENDENTE DE ACORDO.	AUTOR :	DATA : ABRIL-2.002	TRABALLO : SOLICITUDE DE CLASIFICACION DO "MONTE DE VILAR"
	Enclavados.	Os datos dos límites do monte foron facilitados pola propia comunidade.	SECCION TOPOGRAFIA	ESCALA : 1 / 5.000	CONCELLO : LALIN PARROQUIA : VILANOVA
					COMUNIDADE : Lugares do Vilar, Barreiro e Costoyo



Nº DA FOLLA	OBSERVACOES :	O LIMITE OESTE DO "MONTE DE VILAR", QUE CORRESPONDE CO LIMITE MUNICIPAL ENTRE LALIN E DOZON, ATOPASE PENDENTE DE ACORDO.	AUTOR :	DATA : ABRIL-2.002	TRABALLO : CLASIFICACION DO "MONTE DE VILAR"
		Os datos dos limites da monte foron facilitados pola propia comunidade.	SECCION TOPOGRAFIA	ESCALA : 1 / 10.000	CONCELLO : LALIN PARROQUIA : VILANOVA
					COMUNIDADE : Lugares de Vilar, Barreira e Castoya



CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
SERVICIO DE MONTES DELEGACION DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA Saída 1341191 / RX 1617243
 REXISTRO ELECTRÓNICO SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 20/09/2022 13:11:39



(Dozón) respecto do linde común dos seus montes (**Exp.: DC22003**)

Feitos:

Primeiro- O 31.03.2022 Francisco Donsión Carrón en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en adiante CMVMC) de Vilar – Barreiro – Costoia (Lalín) remite expediente de deslindamento (art.53 da Lei de montes de Galicia) coa CMVMC de Sanguíñedo (Dozón).

Segundo- Revisada a documentación achegada esta cumpre os requisitos técnicos solicitados polo Servizo de Montes e consta no expediente a seguinte documentación consonte o artigo 53 e 55.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia:

- Acta do deslindamento
- Acta de conciliación
- Certificados da aprobación do deslindamento nas asembleas xerais das comunidades.
- Memoria descritiva con plano de deslindamento e cartografía en formato dixital
- Informe de Validación gráfica co número CSV: W502FD7B0PSCB2NQ para comunicación á Xerencia do Catastro.

A liña de deslindamento proposta está composta polos seguintes puntos:

01	573405,41	4714334,29
02	573410,15	4714348,51
03	573433,31	4714377,86
04	573441,42	4714393,26
05	573448,73	4714409,54
06	573452,96	4714418,33
07	573455,67	4714426,60
08	573457,65	4714432,81
09	573459,20	4714439,20
10	573461,38	4714449,64
11	573465,58	4714471,10
12	573468,33	4714487,27
13	573469,35	4714502,55
14	573469,64	4714514,49



15	573468,60	4714528,12
16	573467,02	4714547,93
17	573466,57	4714578,61
18	573467,87	4714600,27
19	573470,48	4714620,83
20	573472,65	4714640,50
21	573473,14	4714651,78
22	573471,78	4714662,52

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade, ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Vilar- Barreiro-Costoia (Lalín) e a CMVMC de Sanguñedo (Dozón) respecto do seu linde común nos termos indicados no feito segundo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común
Antonio Crespo Iglesias



Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 11 de agosto de 2022, de deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Vilar- Barreiro- Costoia (Lalín) e a de Seixas (Dozón) respecto do linde común dos seus montes (**Exp.: DC22004**).

Feitos:

Primeiro- O 31.03.2022 Francisco Donsión Carrón en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en adiante CMVMC) de Vilar- Barreiro- Costoia (Lalín) remite expediente de deslindamento (art.53 da Lei de montes de Galicia) coa CMVMC de Seixas (Dozón).

Segundo- Revisada a documentación achegada esta cumpre os requisitos técnicos solicitados polo Servizo de Montes e consta no expediente a seguinte documentación consonte o artigo 53 e 55.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia:

- Acta do deslindamento
- Acta de conciliación
- Certificados da aprobación do deslindamento nas asembleas xerais das comunidades.
- Memoria descritiva con plano de deslindamento e cartografía en formato dixital
- Informes de validación gráfica cos números CSV: 4VZ2981XHY3RREKZ e CSV: 5PVP12JJVY37K9V1 para comunicación á Xerencia do Catastro.

A liña de deslindamento proposta está composta polos seguintes puntos:

01	573471,78	4714662,52
02	573470,57	4714679,65
03	573470,76	4714695,64
04	573476,11	4714716,86
05	573478,33	4714732,66
06	573480,03	4714751,08
07	573479,62	4714768,52
08	573479,46	4714770,80
09	573477,85	4714785,39
10	573474,60	4714802,79
11	573471,19	4714815,87
12	573466,26	4714827,12
13	573444,15	4714857,61
14	573429,38	4714877,44





15	573417,98	4714893,77
16	573404,99	4714917,38
17	573222,31	4715666,57
18	573323,12	4715767,02
19	573424,57	4715887,47
20	573479,42	4715970,57

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Vilar- Barreiro-Costoia (Lalín) e a CMVMC de Seixas (Dozón) respecto do seu linde común nos termos indicados no feito segundo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común

Antonio Crespo Iglesias

